

Follas do Cineclub | 26/10/2016

O nadador

(El nadador, Fermín Jiménez Landa, Estado Español, 2013, 9', VO)

O nadador

(The Swimmer, Frank Perry, EUA, 1968, 95', VOSG)

04

Hontoria, Javier. Arqueoloxía do ocio. 2013

O proxecto *O Nadador* ten a súa orixe no filme homónimo dirixido por Frank Perry e Sidney Pollack. Está baseado nun relato curto, tamén do mesmo título, de John Cheever, e ten a Burt Lancaster como protagonista, quen, nun domingo de verán, decide mergullarse nas piscinas dos seus coñecidos e amigos co moi honroso obxectivo de chegar ata a súa casa a nado, dun punto a outro de non sei que condado americano, a través de sucesivas piscinas que formarían un río imaxinario chamado Lucinda, que así se chama a súa muller (...)

Chamoulle a atención a súa estrutura, tan ben definida, cun plan moi concreto que se lle revela ao espectador con claridade desde o inicio: «Chegarei a casa nadando o río Lucinda que forman as piscinas dos meus amigos», dise Ned. Meu dito meu feito. Gustoulle a trasnada de tirarse nas piscinas dos demais, ese clásico ineludible de mocidade, e tamén o feito de que, a medida que avanza a película, as cousas deixan de saír como Ned esperaba ao principio.

(...) Coa axuda dun GPS, trazou unha liña recta entre a cidade gaditana e a capital navarra e rexistrou cantas piscinas atopou na súa contorna. A metraxe non disimula o carácter que adopta a viaxe, máis preto dun relato biográfico a ras de chan que dunha pomposa e calculada orquestración narrativa: ándanse estradas que a todos nos son familiares mentres se escoita música que a moitos nos gustou algunha vez.

No seu camiño, Fermín visita as piscinas que marcan a liña no mapa. En ocasións permítenlle entrar e meterse na piscina. Outras non. Cando se lle deixa entrar, completa un sinxelo ritual. Quita as sandalias, que coloca meticulosamente xunto á súa camisa, lánzase e nada o longo de rigor para despois saír, recoller, dar as grazas e entrar no coche para buscar a seguinte piscina.

Cheever, John. O nadador.

Era un deses domingos de metade do verán en que todo o mundo repite: «Onte á noite bebín demasiado.» Rumoreábanos os fregueses ao saír da igrexa, oíase de beizos do mesmo párroco mentres se desposuía da sotana na sancristía, así como nos campos de golf e nas pistas de

tenis, e tamén na reserva natural onde o xefe do grupo Audubon sufría os efectos dunha terrible resaca.

- Bebín demasiado - dicía Donald Westerhazy.

- Todos bebemos demasiado - dicía Lucinda Merrill.

- Debeu ser o viño - explicaba Helen Westerhazy - Bebín demasiado clarete.

O escenario deste último diálogo era o bordo da piscina dos Westerhazy, cuxa auga, procedente dun pozo artesiano cunha alta porcentaxe de ferro, tiña unha suave tonalidade verde. O tempo era espléndido. Cara ao oeste amontoábanse as nubes, tan parecidas a unha cidade vista de lonxe - desde a ponte dun barco que se aproximase - que poderían ter un nome. Lisboa. Hackensack. O sol quentaba. Neddy Merrill, sentado no bordo da piscina, tiña unha man dentro do auga, e sostiña coa outra unha copa: xenebra. Neddy era un home enxoiado que parecía conservar aínda a peculiar esvelteza da mocidade, e, aínda que os días da súa adolescencia quedaban xa moi lonxe, aquela mañá deslízase polo pasamáns da escaleira, e no seu camiño cara ao cheiro a café que saía do comedor, dera un sonoro bico nas bronceadas costas á Afrodita do vestíbulo. Podería térselle comparado cun día de verán, en especial coas últimas horas dun deles, e aínda que lle faltase unha raqueta de tenis ou unha vela inchada polo vento, a impresión era, decididamente, de mocidade, de vida deportiva e de bo tempo. Estivera nadando e agora respiraba fondo, coma se fose capaz de almacenar nos seus pulmóns os ingredientes daquel momento, a calor do sol, e a intensidade do seu propio pracer. Era coma se todo lle coubesse dentro do peito. Doce quilómetros cara ao sur, en Bullet Park, estaba a súa casa, onde as súas catro fermosas fillas terminarían de xantar e quizais xogasen ao tenis naquel momento. Foi entón cando se lle ocorreu que se atallaba polo suroeste podería chegar nadando ata alí.(...)

Espinosa, María Jesús. Nadar escríbese co corpo.

«O corpo dun nadador é un auténtico prodixio», debe de pensar o espectador ante o televisor mentres os homes e mulleres que deberon nacer peixes compiten no Mundial de Natación de Kazán para coñecer os límites dunha máquina imperfecta chamada corpo humano. A relación entre este deporte e a literatura é ancestral porque, que outra cousa é nadar senón escribir co corpo? Un nada como é. Un nada a impulsos ou cun braceo torpe, ata se pode nadar melancolicamente, pensando no que xa non é ou no que xamais será. E nese nadar xa habita un relato, unha historia que podería ser contada. Ou nada.

Non son poucos os artistas que decidiron colocar un nadador como protagonista da súa obra. O nadador por excelencia da historia da literatura é Ulises. A súa viaxe a nado polas illas gregas que Homero relata na *Odisea* convérteo no heroe náutico máis fermoso; pois se como dicía o venezolano José Balza no seu libro *Percusión*, «o home máis belo é o que regresa do lugar máis afastado», ¿que podemos dicir de Ulises que ademais realiza esa viaxe nadando?

ARQUEOLOXÍA DO OCIO / O NADADOR / NADAR ESCRÍBESE CO CORPO

JAVIER HONTORIA / JOHN CHEEVER / MARÍA JESÚS ESPINOSA

O reverso moderno de Ulises e probablemente o nadador máis cinematográfico é Neddy Merrill (con permiso do Tazán de Johnny Weissmuller). O escritor John Cheever inventou esta personaxe da sociedade norteamericana que explora as piscinas do seu condado nunha sorte de peregrinación acuática que lle conduce a unha realidade ferinte. Merrill - un trasunto do seu autor - nada ata chegar á súa casa deshabitada e triste. Tamén a Cheever gustáballe nadar en piscinas xeadas e emborracharse nelas. O actor Burt Lancaster converteu en mítico a Merrill en 1968 grazas a unha adaptación cinematográfica algo accidentada: o director Frank Perry abandonou a rodaxe polas constantes disputas con Lancaster e foi Sydney Pollack o que finalizou o filme. Está considerada unha das pool-movie máis brillantes con algúns diálogos memorables: «Olla, piscina a piscina, ao longo de todo o condado, fórmase un río que me leva directo a casa. Chamareino o río Lucinda, o nome da miña muller».

En nada se asemella o nadador que bracea para salvar a súa vida, o que desexa chegar á beira para saciar a súa fame ou o que se despraza por mera recreación deportiva. E só unha característica comparten o nadador de río, o nadador de piscina ou o de mar aberto: a soidade. Non existe, neste sentido, unha afirmación máis desoladora que a do escritor Franz Kafka o 2 de agosto de 1914 nos seus Diarios: «Alemaña declara a guerra a Rusia. Pola tarde, fun nadar». Esta cita kafkiana ben podería terse convertido nun dos primeiros microrrelatos da literatura. O checo era un nadador estraño que acudía á Escola Civil de Natación na illa de Sofía para deixar de avergoñarse do seu corpo, pero tamén para exercer o seu habitual hermetismo, pois a natación é un dos poucos deportes nos que, mentres un o practica, non pode falar. O deslinguado Ernest Hemingway, con todo, tamén atopou na natación un xeito de enfrontarse aos seus demos literarios. Cada serán, cando remataba de escribir, acostumaba nadar media milla na piscina da súa leira La Vigía en Cuba.

Talvez non exista unha piscina con máis glamour que a Molitor de París na que se mergullaba o polifacético Boris Vian nos anos corenta e cincuenta. Pola súa banda, as piscinas na que flota un cadáver no comezo d'*O crepúsculo dos deuses*, de Billy Wilder ou no final d'*O gran Gatsby*, de Scott Fitzgerald, remítennos a esa pasaxe d'*O longo adeus* en que Marlowe confesaba: «Non hai un baleiro maior que o da piscina».(...)

CINECLUBE DE COMPOSTELA

OUT
2016

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

12 DE OUTUBRO

Dúas solucións para un problema

(دو راهه برای حل کردن) [Dow Rahehal Baraye yek Massaleh], Abbas Kiarostami, Irán, 1975, 4', VOSG)

O viaxeiro

(مسافر) [Mosäfer], Abbas Kiarostami, Irán, 1974, 71', VOSG)

19 DE OUTUBRO

Alyonka

(Алёлка) [Alyonka], Boris Barnet, URSS, 1961, 86', VOSG)

26 DE OUTUBRO

O nadador

(El nadador, Fermín Jiménez Landa, Estado Español, 2013, 9', VO)

O nadador

(The Swimmer, Frank Perry, EUA, 1968, 95', VOSG)